- unha cota variable para saneamento, resultante de multiplicar os m3 de auga consumida pola cota que corresponda.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

- unha cota variable para depuración, resultante de multiplicar os m3 de auga consumida pola cota que corresponda.

Nos casos de fincas que non fagan uso do servizo municipal de subministración de auga potable, esixirase unicamente a cota fixa.

A tarifa, atendendo ao uso da auga, desglosase no cadro seguinte:

USO DOMÉSTICO

| *Cota fixa saneamento+depuración* | *€**/trimestre*** |
|---|---|
| Contador 13 mm e 15 mm | 7,67 |
| Contador 20 mm | 10,74 |
| Contador 25 mm | 15,04 |
| Contador 30 mm e 32 mm | 21,06 |
| Contador 40 mm | 29,48 |
| Contador 50 mm | 41,27 |
| Contador 65 mm | 57,78 |
| Contador 80 mm | 80,89 |
| Sen servicio AP | 21,93 |
| Cota variable saneamento | €**/m3** |
| Bloque 1–De 0 a 16 m3/trimestre | 0,0683 |
| Bloque 2–De 17 a 29 m3/trimestre | 0,1025 |
| Bloque 3–De 30 a 44 m3/trimestre | 0,1537 |
| Bloque 4–De 45+m3/trimestre | 0,2305 |
| Cota variable depuración | €**/m3** |
| Bloque 1–De 0 a 16 m3/trimestre | 0,1366 |
| Bloque 2–De 17 a 29 m3/trimestre | 0,2049 |
| Bloque 3–De 30 a 44 m3/trimestre | 0,3074 |
| Bloque 4–De 45+m3/trimestre | 0,4611 |

USO COMERCIAL

| *Cota fixa saneamento+depuración* | *€**/trimestre*** |
|---|---|
| Contador 13 mm e 15 mm | 7,67 |
| Contador 20 mm | 10,74 |
| Contador 25 mm | 15,04 |
| Contador 30 mm e 32 mm | 21,06 |
| Contador 40 mm | 29,48 |
| Contador 50 mm | 41,27 |
| Contador 65 mm | 57,78 |
| Contador 80 mm | 80,89 |
| Sen servicio AP | 21,93 |
| Cota variable saneamento | €**/m3** |
| Bloque 1–De 0 a 27 m3/trimestre | 0,0892 |
| Bloque 2–De 28 a 67 m3/trimestre | 0,1338 |
| Bloque 3–De 68 a 125 m3/trimestre | 0,2007 |
| Bloque 4–De 126+m3/trimestre | 0,3011 |
| Cota variable depuración | €**/m3** |
| Bloque 1–De 0 a 27 m3/trimestre | 0,1784 |
| Bloque 2–De 28 a 67 m3/trimestre | 0,2677 |
| Bloque 3–De 68 a 125 m3/trimestre | 0,4015 |
| Bloque 4–De 126+m3/trimestre | 0,6022 |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

USO INDUSTRIAL

| *Cota fixa saneamento+depuración* | *€**/trimestre*** |
|---|---|
| Contador 13 mm e 15 mm | 7,67 |
| Contador 20 mm | 10,74 |
| Contador 25 mm | 15,04 |
| Contador 30 mm e 32 mm | 21,06 |
| Contador 40 mm | 29,48 |
| Contador 50 mm | 41,27 |
| Contador 65 mm | 57,78 |
| Contador 80 mm | 80,89 |
| Sen servicio AP | 46,33 |
| Cota variable saneamento | €**/m3** |
| Bloque 1–De 0 a 18 m3/trimestre | 0,0974 |
| Bloque 2–De 19 a 48 m3/trimestre | 0,1462 |
| Bloque 3–De 49 a 110 m3/trimestre | 0,2192 |
| Bloque 4–De 111+m3/trimestre | 0,3289 |
| Cota variable depuración | €**/m3** |
| Bloque 1–De 0 a 18 m3/trimestre | 0,1949 |
| Bloque 2–De 19 a 48 m3/trimestre | 0,2923 |
| Bloque 3–De 49 a 110 m3/trimestre | 0,4385 |
| Bloque 4–De 111+m3/trimestre | 0,6577 |

4.2.2 Execución de acometidas, ampliación de redes e outros conceptos tarifarios:

| | | |
|---|---|---|
| Ud | de acometida de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de PVC de 160 mm de diametro, totalmente instalada, e entronque a pozo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento, pozo de rexistro ou adaptación do existente | 375,17 |
| Ud | de acometida de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de PVC de 200 mm de diametro, totalmente instalada, e entronque a pozo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento, pozo de rexistro ou adaptación do existente | 406,87 |
| Ud | de acometida de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de PVC de 250 mm de diametro, totalmente instalada, e entronque a pozo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento, pozo de rexistro ou adaptación do existente | 438,57 |
| Ud | de acometida de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de PVC de 315 mm de diametro, totalmente instalada, e entronque a pozo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento, pozo de rexistro ou adaptación do existente | 552,28 |
| Ud | de acometida de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de PVC de 400 m de diametro, totalmente instalada, e entronque a pozo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento, pozo de rexistro ou adaptación do existente | 656,24 |
| Ud | de acometida de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de PVC de 500 mm de diametro, totalmente instalada, e entronque a pozo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento, pozo de rexistro ou adaptación do existente | 861,19 |
| Ud | de modificación / renovación de acometida existente de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada en entubado de PVC de 16 cm, sen incluir levantamento e reposición | 246,27 |
| Ml | de subministración e colocación de entubado de PVC de 160 mm de diámetro, totalmente instalada, para acometidas, excluíndo levantamento e reposición do pavimento. | 38,42 |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

| | | |
|---|---|---|
| Ml | de subministración e colocación de entubado de PVC de 200 mm de diámetro, totalmente instalada, para acometidas, excluíndo levantamento e reposición do pavimento. | 47,65 |
| Ml | de subministración e colocación de entubado de PVC de 250 mm de diámetro, totalmente instalada, para acometidas, excluíndo levantamento e reposición do pavimento. | 56,89 |
| Ml | de subministración e colocación de entubado de PVC de 315 mm de diámetro, totalmente instalada, para acometidas, excluíndo levantamento e reposición do pavimento. | 85,83 |
| Ml | de subministración e colocación de entubado de PVC de 400 mm de diámetro, totalmente instalada, para acometidas, excluíndo levantamento e reposición do pavimento. | 100,79 |
| Ml | de subministración e colocación de entubado de PVC de 500 mm de diámetro, totalmente instalada, para acometidas, excluíndo levantamento e reposición do pavimento. | 140,46 |
| Ud | de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m de profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 kg/cm² de resistencia característica, de 20 cm. de espesor, paramentos de formigón en masa de 150 kg/cm., de resistencia característica, tapa de arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada de calzada, excavación, recheo e transporte de terras sobrantes a vertedeiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade terminada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. | 738,72 |
| Ud | de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m de profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 kg/cm² de resistencia característica, de 20 cm. de espesor, paramentos de formigón en masa de 150 kg/cm., de resistencia característica, tapa de arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada de calzada, excavación, recheo e transporte de terras sobrantes a vertedeiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade terminada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. | 829,99 |
| Ud | de pozo de rexistro sen arenero, de 1,00 m de diámegtro, formado por soleira de formigón en masa de 200 kg/cm² de R.C.. e de 20 cm. de espesor, arillos de formigón, tapas e cerco de fundición dúctil de calzada, incluso excavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes a vertedeiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55 e Ordenanza, medida a unidade terminada. | 593,71 |
| Ud | de pozo de rexistro, sen arenero, de 1,00 m de diametro, ata 1 metro de profundidade, formado por soleira de formigon, tapa e cerco de fundicion, totalmente terminado. | 425,23 |
| Ud | de adaptación a pozo existente, incluindo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado. | 277,09 |
| Ud | de arqueta 40 x 40 realizada con módulo de formigón, tapa e cerco de fundición, totalmente terminada. | 138,54 |
| Ud | Suministro e instalación de tapa de rexistro de 40 x 40 | 103,82 |
| Ud. | de acometida de pluviais de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de PVC de 110 mm de diametro, totalmente instalada, e entronque a pozo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento, pozo de rexistro ou adaptación do existente | 325,17 |
| Ud. | de acometida de pluviais de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de PVC de 125 mm de diametro, totalmente instalada, e entronque a pozo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento, pozo de rexistro ou adaptación do existente | 356,87 |
| Ud. | de subministración e colocación de entubado de PVC de 110 mm de diámetro, totalmente instalada, para acometidas de pluviais, excluíndo levantamento e reposición do pavimento. | 33,41 |
| Ud. | de subministración e colocación de entubado de PVC de 125 mm de diámetro, totalmente instalada, para acometidas de pluviais, excluíndo levantamento e reposición do pavimento. | 42,65 |
| Ud. | de arqueta 30 x 30 realizada con módulo de formigón, tapa e cerco de fundición, totalmente terminada. | 113,54 |
| Hora | de camión | 38,78 |
| Hora | de retroexcavadora | 82,09 |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

| | | |
|---|---|---|
| Hora | de compresor. | 14,89 |
| Hora | de carterpillar 955/950. | 66,30 |
| Hora | de tractor grúa. | 37,88 |
| Hora | de rodillo compactador. | 52,77 |
| Hora | de bituminadora. | 46,00 |
| Hora | de compactadora tipo rana, bandexa. | 9,81 |
| Hora | de cortadora de pavimentos. | 29,43 |
| Hora | de vehículo lixeiro transporte. | 19,61 |
| Hora | de xornal de peón. | 19,57 |
| Hora | de xornal de oficial. | 22,02 |
| Hora | extra de especialista. | 42,18 |
| Hora | extra de Enxeñeiro | 66,35 |
| Hora | de limpeza de alcantarillado con camion. | 180,00 |
| Hora | de inspeccion con video-camara, incluso informe e planos esquemáticos da situación dos pozos e a localización das incidencias. | 174,00 |
| Ud | Traballos de coordinación de seguridade e saude | 600,00 |
| Ud | de recrecido de tapas | 111,00 |
| Ml | de suministracion e colocacion de entubado de PVC gris de 125 mm, reforzada. Incluso excavacion e recheo. | 129,29 |
| $M^3$ | de xestion de residuos | 22,20 |
| $M^2$ | de demolicion de firme de formigon, loseta ou asfalto | 15,47 |
| $M^2$ | de pintura azul Camiño Real | 22,14 |

As tarifas previstas nos apartados anteriores, veranse incrementadas, no seu caso, co IVE vixente en cada momento.

*ARTIGO 5. TARIFAS REDUCIDAS*

5.1 USOS DOMÉSTICOS

Para ter dereito á obtención destes beneficios, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- A persoa titular do contrato de subministración de auga, saneamento ou depuración, deberá ser algunha das persoas integrantes da unidade de convivencia. Noutro caso, o solicitante da tarifa reducida deberá acreditar que ten domiciliado o pago do recibo do subministración a través dalgunha conta bancaria de que sexa titular.
- O enderezo para o cal se solicita a tarifa reducida debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade convivencial.
- A persoa titular do contrato de subministración, debe atoparse ao corrente no pago do subministración de auga, saneamento e depuración.
- Ningunha das persoas empadroadas na vivenda poderá ser titular doutro contrato de subministración de auga, saneamento ou depuración.

Entenderase por unidade convivencial, a formada por aquelas persoas que residen nunha misma vivenda de forma habitual e permanente, unidos por vínculos de consaguinidade ou afinidade ou por calquera outra relación que implique corresponsabilidade ou dependencia económica entre as mesmas, de tal maneira que consuman e/o compartan alimentos, gastos comúns da vivenda u outros bens con cargo a un mesmo orzamento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

A efectos do cómputo dos ingresos da unidade convivencial, terase en conta todos os percibidos, por calquera concepto, por todas as persoas que integran a unidade de convivencia. Consideraranse os do exercicio da solicitude da redución de tarifa, no caso de pensións ou prestacións sociais e os do exercicio anterior no caso de salarios ou outros rendementos. Estes exercicios serán os de comparación co IPREM.

As solicitudes de redución de tarifas deberán ser informadas por persoal funcionario municipal.

A solicitude de tarifa reducida deberá presentarse no Concello, presencialmente ou a través da sede electrónica, mediante o formulario de solicitude dispoñible ao efecto, e acompañando a seguinte documentación:

- Para todas as persoas da unidade convivencial, fotocopia do DNI, no caso dos españois, ou Documento nacional de identidade do seu pais de orixe ou procedencia, ou tarxeta de identificación de estranxeiro, no caso dos cidadáns estranxeiros. Para aqueles que non sexa preceptivo contar con dito DNI acompañarase o Libro de Familia.
- Volante de empadroamento colectivo das persoas que residan na vivenda.
- Para todos os membros da unidade de convivencia obrigados a presentar a declaración da Renda:
    - Fotocopia da declaración da Renda do exercicio anterior á solicitude.

  Para todos os membros da unidade de convivencia que perciban ingresos pero non estean obrigados a presentar Declaración da Renda:
    - Certificado ingresos emitido pola AEAT do exercicio anterior á solicitude. No caso de que dito documento non poda ser emitido, acompañarase informe de vida laboral e as nóminas ou certificados que se relacionen coa vida laboral.
    - Certificado pensións ou subsidios do exercicio correspondente á solicitude, no caso de percibilas.
- Declaración xurada asinada polo solicitante de que se cumpren as condicións esixidas para cada unha das tarifas reducidas.

A solicitude producirá os seus efectos na facturación posterior á data de aprobación, debendo ser renovada cada dous anos, contados a partir da data de concesión, agás no caso de redución de tarifa a persoas desempregados e a vítimas de violencia de xénero, que terá unha duración dun ano.

Para a súa renovación deberán presentarse os mesmos documentos que para a súa concesión actualizados.

A persoa beneficiaria terá a obriga de comunicar as modificacións que se produzan nas circunstancias que deron lugar á súa concesión.

O Concello poderá comprobar en calquera momento o cumprimento das condicións que dan lugar á aplicación das tarifas reducidas. As modificacións que se produzan terán efecto no período seguinte á data de aprobación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

Soamente poderá aplicarse un tipo de redución de tarifa, optándose en caso de concorrer varias, por aplicar a que resulte máis favorable á persoa usuaria.

- TARIFA REDUCIDA EN FUNCIÓN DO Nº DE HABITANTES POR VIVENDA

As vivendas nas que residan catro persoas ou máis, e non superen o límite de ingresos anuais establecido neste apartado, verán reducida a cota variable para usos domésticos de subministración de auga, saneamento e depuración, prevista no artigo 4 mediante a modificación dos bloques de consumo 1 e 2 e a eliminación do bloque 4.

Os bloques 1, e 2 modificaranse de conformidade coa seguinte fórmula:

Límite superior bloque 1 = 4,5 m3 * h

Límite superior bloque 2 = 7,75 m3 * h

h= número de habitantes da vivenda, e sempre para un valor superior a 3.

O bloque 4 non será de aplicación, facturándose o resto do consumo de acordo co prezo establecido para o bloque 3.

Os ingresos anuais da unidade de convivencia non podran superar o importe resultante de aplicar a seguinte fórmula:

h x IPREM vixente para cada ano x 1.5

h= número de habitantes da vivenda

- TARIFA REDUCIDA PARA UNIDADES DE CONVIVENCIA CON INGRESOS INFERIORES AO IPREM ou IPREM INCREMENTADO COAS PORCENTAXES CORRESPONDENTES

A unidade de convivencia deberá ter uns ingresos anuais inferiores ás seguintes cantidades:

- Para unidades de convivencia de unha ou dúas persoas: IPREM
- Para unidades de convivencia de tres ou catro persoas: IPREM + 10%
- Para unidades de convivencia de mais de catro persoas: IPREM + 20%

A tarifa será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,01 pola cota fixa e variable prevista para os consumos domésticos de auga, saneamento e depuración. A redución na cota variable comprenderá ata o máximo de consumo previsto no bloque 2 dos artigos 4.1.1 e 4.2.1, facturándose sen redución a partir do bloque 3.

- TARIFA REDUCIDA PARA UNIDADES DE CONVIVENCIA CON INGRESOS INFERIORES AO IPREMX1,5 ou IPREMX1.5 INCREMENTADO COAS PORCENTAXES CORRESPONDENTES

A unidade de convivencia deberá ter uns ingresos anuais inferiores a 1,5 veces as seguintes cantidades:

- Para unidades de convivencia de unha ou duas persoas: IPREM
- Para unidades de convivencia de tres ou catro persoas: IPREM + 10%
- Para unidades de convivencia de mais de catro persoas: IPREM + 20%

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

A tarifa será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,50 pola cota fixa e variable prevista para os consumos domésticos de auga, saneamento e depuración. A redución na cota variable comprenderá ata o máximo de consumo previsto no bloque 2 dos artigos 4.1.1 e 4.2.1, facturándose sen redución a partir do bloque 3.

- TARIFA REDUCIDA PARA PERSOAS PENSIONISTAS E XUBILADAS, PARA FAMILIAS CON TODOS OS SEUS INTEGRANTES EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE CON GRADO IGUAL OU SUPERIOR AO 65%, PARA PERSOAS DEPENDENTES, PARA PERSOAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E PARA FAMILIAS MONOPARENTAIS, QUE REÚNAN OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO PRESENTE APARTADO:

A unidade de convivencia deberá ter uns ingresos anuais inferiores a 2 veces as seguintes cantidades:

- Para unidades de convivencia de unha ou duas persoas: IPREM
- Para unidades de convivencia de tres ou catro persoas: IPREM + 10%
- Para unidades de convivencia de mais de catro persoas: IPREM + 20%

A tarifa será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,50 pola cota fixa e variable prevista para os consumos domésticos de auga, saneamento e depuración. A redución na cota variable comprenderá ata o máximo de consumo previsto no bloque 2 dos artigos 4.1.1 e 4.2.1, facturándose sen redución a partir do bloque 3.

Persoas usuarias ás que resulta de aplicación a tarifa reducida prevista neste apartado:

- usuarias que ostenten a condición de pensionistas e xubiladas.
- usuarias que formen parte dunha unidade familiar na que todas as persoas integrantes se atopen en situación de desemprego.
- usuarias que ostenten a certificación de discapacidade física, psíquica ou sensorial en grado igual ou superior ao 65%.
- usuarias que ostenten a condición de persoa dependente pola administración competente.
- usuarias que ostenten a condición de vítima de violencia de xénero.
- usuarias que ostenten a condición de familia monoparental.

Ademais da documentación esixida na solicitude de redución de tarifa, deberán reunir os seguintes requisitos e acompañar a documentación seguinte:

- Persoas usuarias pensionistas e xubiladas: Reunir dita condición e non convivir con outras persoas con rendas contributivas.
- Persoas usuarias que formen parte dunha unidade familiar na que todas as persoas integrantes se atopen en situación de desemprego. Considerarase neste caso en situación de desemprego as persoas solicitantes e membros da unidade de convivencia que, sen ter a condición de pensionistas, non realicen ningunha actividade laboral

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

por conta propia ou allea. Deberán achegar o documento acreditativo da situación de desemprego e certificado de ingresos mensuais SEPE de todos os membros maiores de idade da unidade familiar.

- Persoas usuarias con discapacidade igual ou superior ao 65%, acreditarán dita condición co certificado emitido polo Organismo competente.
- Persoas usuarias que ostenten a condición de persoa dependente pola Administración competente, deberán achegar o certificado de consideración de persoa dependente expedido polo Organismo competente.
- Persoas usuarias que ostenten a condición de vítimas de violencia de xénero, deberán acreditar dita condición por calquera dos medios establecidos no artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Persoas usuarias que ostenten a condición de familia monoparental deberán achegar o certificado emitido pola Xunta de Galicia ou órgano da Comunidade Autónoma correspondente equivalente, e que acredite a condición de familia monoparental vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producirse a aplicación da tarifa reducida.

5.2 USOS INDUSTRIAIS

- TARIFA REDUCIDA PARA CLUBS E ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO

No caso de Clubs e Asociacións sen ánimo de lucro a tarifa será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,01 pola cota fixa e variable prevista para consumos industriais de auga, saneamento e depuración. A redución na cota variable comprenderá ata o máximo de consumo previsto no bloque 2 dos artigos 4.1.1 e 4.2.1, facturándose sen redución a partir do bloque 3.

Deberán acompañar o Certificado emitido pola Administración correspondente acreditativo de dita condición.

- TARIFA REDUCIDA PARA TRAÍDAS VECIÑAIS

Ás traídas veciñais aplicaranse, na cota variable, unicamente os bloques 1 a 3 dos artigos 4.1.1 e 4.2.1, non sendo de aplicación o bloque 4.

*ARTIGO 6. OBRIGA DE PAGO, FACTURACIÓN E PERÍODO DE PAGO*

A obrigación de pago dos importes das tarifas, nace na data de presentacion da oportuna solicitude de licenza, se a mesma se formulase expresamente, e na data que teña lugar a efectiva acometida, en caso de non existir solicitude ou concesión de licenza, sen prexuízo da inicación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

Os servizos de evacuación e da súa depuración, teñen caracter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachadas ás rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e sexa

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

tecnicamente viable a conexión, e será obrigatoria a tarifa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

A xestión e recadación das prestacións patrimoniais recollidas na presente Ordenanza, serán realizadas pola Concesionaria da prestación do servicio municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración, do Concello de Moaña.

A facturación do servizo de subministración de auga, saneamento e depuración, realizarase trimestralmente pola Entidade Concesionaria.

A tal efecto, a mesma, procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida das persoas usuarias do servizo no transcurso do período de facturación.

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada punto de subministración concretarase pola diferenza entre as lecturas dos dous períodos consecutivos de facturación. Cos datos obtidos elaborará a oportuna lista cobratoria na que recollerá os consumos rexistrados e as tarifas aplicables de acordo co sinalado no artigo 4 e 5 da presente Ordenanza e presentaraas no Concello.

O Concello ditará resolución aprobatoria de dita lista cobratoria e dispoñerá un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do correspondente anuncio no BOPPO para que as persoas interesadas podan examinar os datos que lles afecten de dita lista cobratoria, mediante o seu exame, nas oficinas da empresa concesionaria, e formular as reclamacións que consideren oportunas. Esta exposición pública producirá os efectos de notificación dos recibos que conformen a lista cobratoria.

Ao amparo do establecido no artigo 2.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o prazo de pago das facturas fíxase en dous meses dende a data de emisión, que será posterior á data de publicación, debendo quedar constancia do período de pago na propia factura.

A Entidade subministradora, transcorrido o prazo de dous meses dende a finalización do prazo de pago sen que se abonase a débeda, poderá proceder á suspensión da subministración, en virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

En todo caso, transcorrido o prazo de doce meses dende a data de emisión da factura, sen que esta fose abonada, a entidade subministradora trasladará ao Concello as débedas pendentes de pago para que este inicie os procedementos de recadación correspondentes.

As acometidas e actuacións correspondentes ao servizo de instalación, verificación e desprecintado de contadores, faranse efectivos nas oficinas da Concesionaria ou nas entidades bancarias autorizadas ao efecto, con carácter previo á realización da prestación e á vista do documento, previo á factura, emitido pola Concesionaria.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY

*ARTIGO 7. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.*

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do período voluntario de cobranza.

Para a cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan, estarase ao previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, na Lei 7/1985, de bases de réxime local, no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Moaña, e demais normativa vixente que regule a materia e poda resultar de aplicación.

*DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza, derróganse os artigos da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais e a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por servizos de distribución de auga do Concello de Moaña, que se opoñan ao establecido na presente Ordenanza.

Quedan sen valor nin efecto algún, o artigo 5 apartados 1, 2, 3, no referente ao desprecintado de contadores, 4, 5, 6, 7, o artigo 7 b), o artigo 8 b), o artigo 9 parágrafo terceiro, artigo 10, o artigo 11 parágrafos terceiro, cuarto e quinto, o artigo 12, Disposición Adicional única e o Anexo I da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por servizos de distribución de auga.

Quedan sen valor nin efecto algún, o artigo 2, apartados b), c), e d), o artigo 6 parágrafo segundo, o artigo 7, apartados B, C, D, E, o artigo 10, e o Anexo I da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/0985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 70.2 da citada Lei.

DOCUMENTO ASINADO TELEMÁTICAMENTE AO MARXE.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:VO52AR2ATBKNXLDY